

# Mochila, manta... e trebello

## O sector TIC segue na súa teima de evitarnos a síndrome do turista: o extravío

Redacción

### Dakota 10 Santiago: GPS específico para o Xacobeo

O Camiño de Santiago semella un importante pulo para a innovación tecnolóxico-dixital, tanto dende dentro da nosa xeografía como dende fóra. E de alén do territorio galego vén precisamente a nova achega da empresa norteamericana Garmin, especializada en solucións de navegación ao servizo das persoas que efectúen desprazamentos longos e desexen saber por onde pisan e, tamén, tirarlle partido os emprazamentos por onde se moven. Falamos do seu GPS "específico para os peregrinos do Camiño de Santiago", máis polo miúdo unha edición especial do modelo Dakota 10, un equipo portátil particularmente deseñado para a viaxe todoterreo e que inclúe pantalla táctil e unha autonomía de até 20 horas.

A achega Dakota 10 Santiago inclúe entre outras cousas as principais rutas de peregrinaxe que desembocan na praza do Obradoiro: Camiño Francés, Vía da Prata, Camiño do Norte, Camiño Primitivo e Aragonés. Asemade, incorpora máis de un milleiro de puntos de interese turístico da rede de peregrinación xacobeá, achegando datos en detalle de onde durmir (albergues, cámpings, hostais, hoteis, casas rurais) e que visitar (igrexas, ermidas, monumentos civís, paraxes naturais, etc).

Segundo fai saber a empresa Garmin, o Dakota 10 Santiago supón unha "completa guía para afrontar este reto deportivo e humano: amais de amosar a túa posición no mapa, a distancia percorrida e a que fica por percorrer até o destino ou seguinte parada, o GPS axúdanos a planificar cada treito, en función do emprazamento de albergues e hostais

e da situación exacta dos enclaves turísticos máis salientables, dos que tamén inclúe información adicional". As súas dimensións son as propias dun equipo ultracompacto, pero destacando polo reducido da súa feitura: 5,5 x 10 x 3,3 centímetros e 191 gramos de peso, pilas incluídas. "Un detalle moi importante", sinala a compañía, "cando a equipaxe se ten que reducir ao mínimo".

### Foodspotting mobiliza ós internautas para que informen do que lles gusta comer

Poucas cuestións da nosa vida real fican sen ter o seu foro, comunidade ou rede social no ámbito redeiro. Pero cómpre recoñecer: hai cuestións que teñen máis posibilidades cuantitativas e funcionais ca outras. Deste xeito, pode que non sexa ningunha tolema dicir que un club dixital sobre comer (unha desas cousas caralludas que nos une) vai ter máis potencial na variedade dos seus servizos ca unha comunidade sobre a importación de pantuflas. Neste senso, a canle Foodspotting ([www.foodspotting.com](http://www.foodspotting.com)) xogaba sobre seguro: os internautas, por moito que se sente demostrar o contrario, tamén teñen que alimentarse.

O punto máis salientable desta nova achega, o diferenciador, é que se dirixe a abreviar na medida do posible o tempo que usamos en atopar o local gastronómico recomendado por outra/o. A idea é conseguilo todo a través da Web 2.0, concepto (recoñezámolo) moito bo e a d o pero que vén moi a conto para

definir a canle de actuación desta páxina: a canle participativa.

Así, mobilizando a internautas, Foodspotting quere converterse na web que che informa dun prato concreto e que tamén cho pon diante, localización incluída grazas ás achegas (textuais, fotográficas e xeográficas) de quen o papou.

Segundo conta Baquia, a páxina métese de cheo no emprego de mapas (fundamentais neste tempo en que xa non estamos para perder horas dando voltas pola cidade), aos que poderemos acceder premendo na imaxe da comida que nos interese co obxectivo de saber onde se cociña e onde se serve. A web permite buscas en calquera sentido (onde se atopa este prato que temos diante? Que podo comer nesta cidade? Onde podo localizar a comida que me apetece?) e inclúe guías, aplicación para o iPhone e métodos para asegurar a fiabilidade dos usuarios (que someteran a valoracións as súas recomendacións).

A web púxose en marcha en Xapón como método para promover a gastronomía do país e rematou por transformarse en guía internacional.

### Yporquenosolo convida á viaxe por conta propia

Hai iniciativas ás que lles senta Internet coma unha luva. Neste amplo feixe de propostas do máis variado que non poderían case nin existir sen o poder de convocatoria da Internet atópanse sen lugar a dúbidas os recursos en liña relacionados coas viaxes e co turismo, dous eidos de actividade que nin sequera se esgotan nas páxinas persoais ou corporativas onde participan parellas ou grupos, senón que tamén lle achegan potencial a quen concorre só. De internautas e viaxeiros a título individual é do que trata yporquenosolo.com, páxina web sobre as amplas posibilidades de non agardar a que apareza un/unha acompañante para botarnos ao camiño (ofrece plans de viaxe para persoas que non se coñecen entre si) e que vén de facer recuento de éxitos sobre a actividade deste ano e o anterior. A páxina, face visible da axencia do mesmo nome, é visitada cada ano por máis de 300.000 persoas e conta con arredor de 45.000 internautas rexistrados recibindo cada pouco o seu boletín de noticias.

